

Un conto rompe-tabús

Xerardo Méndez



Xerardo Méndez nace en Colón, o 24 de Xaneiro de 1964. Aos tres anos de idade, co regreso da familia para Galicia, vive un ano no lugar de As Barreiras, parroquia de Poboeiros, Castro Caldelas. Un ano despois trasládase á cidade de Ourense, na que vive actualmente.

Conclúe o bacharelato no Instituto “As Lagoas”, xa infectado co virus da literatura, do que se contaxiara no primeiro ano do bacharelato, ou quizais antes: é cousa que non sabería dicir con precisión, e mesmo dubida se antes foron os versos ou a guitarra –que mal raña de cando en vez aínda– e as cancións. A infección inza –na súa variante poética– ao presentarse ao concurso literario convocado no instituto no seu último ano, e sorprenderse gañador. O premio foron unha restra de libros dos clásicos, algún dos cales aínda conserva este home distraído e esquecedizo.

Unha incerta vocación política e acontecementos persoais un chisco agres lévano a solicitar o ingreso en ERGA no ano 80 ou 81, e na hoxe histórica AN-PG. Organizacións que abandonarían logo de poucos meses. De aí o de incerta.

Aos dezasete anos marcha a Santiago decidido a estudar Física, e estudar algo estudou, pero aprender, aprendeu pouco, como se deduce dun expediente académico ben pouco brillante. Pode ser que a suma de inquiredanzas: literaria, política, científica, deportiva, sumaran á enfermidade poética outra de natureza buridá, de forma que os anos pasan sen que o noso home consiga máis que o escaso mérito de entrar un ano entre os cinco escollidos para a gloria final do Esquíu, gloria que lle resultou esquiva, e esgotados capital e paciencia regresa a Ourense, desde onde, gracias á xenerosidade de varios profesores universitarios, consegue por fin licenciarse. Nos últimos anos de estadía santiaguesa, afectado novamente polo virus influenza literariae, esta vez na súa variante novelesca, insiste nunha teima antiga: ver de vivir do conto. Mais, aínda que consegue colocar un par de textos nas editoriais, as súas esperanzas dilúense axiña, e gracias a unha oportunidade impensable, entra a traballar no mundo do ensino oficial, no centro, hoxe cerrado, Colexio Sueiro, da rúa Parada Justel. Dous anos que lembra con cariño e un chisco de saudade. No ano 1996 publica a súa última obra impresa: “As horas que nos quedan” título tal vez profético, porque o seu centro de traballo pechou ese ano e houbo de volver ás clases particulares.

Vivir

Xerardo Méndez

Vivir, soñar... Cal é a diferenza? El, que facía príncipes dos humildes, que foi luz e camiño, flor e vida, non é máis que a memoria dun soño. Agora que os coiotes ouvean entre as ruínas de Aketatón, agora que o látego volve estoupar nas costas dos operarios, agora que a esperanza volve ser o óbolo de Osiris, lembrar os días da luz e da beleza parece un soño extraviado na madrugada, unha esperanza perdida na madurez, un conto necio da vellez.

Estes ollos que esta secando o tempo viron o día que lle deu nome: volvía o noso señor da viaxe ao Norte, e entre os tesouros que agochaban os tules traía unha nova esposa, que el, o poeta que quixo facer homes dos escravos, alcumou con xustiza: Nefertiti. A fermosa que chega.

Radiante coma o amencer, a fermosa mantívose a distancia, e o adolescente irado buscou nos recantos dos xardíns, bebeu o veneno dos poemas, e acompañou a Amenhotep nas súas visitas aos barrios dos obreiros e os escravos. O vello Amenophis III agonizaba e Sitamún ollaba cobizosa o corpo do próximo faraón. Perseguíu a seu irmán polos recantos, e o noso señor, o príncipe de Exipto, cravaba os ollos na estranxeira. O desexo é unha forza estraña. Empúxanos a destruír o que non gozamos. Sitamún acudíu a Becankos: o príncipe dos sacerdotes invocou ás tebras e aos crocodilos, e farto do aborrecemento do mozo, díxolle que era a reencarnación de Set. O príncipe despediuno con noxo na ollada. Esa noite o vello faraón morreu, e Sitamún toleou.

A porta de Nefertiti abriuse pouco a pouco, pois a intelixencia aconsella non regalar aquilo que outro anxeia. Foi entón cando a embaixada dos traballadores do porto acusou ao sobriño de Becankos de apoderarse dos fondos do templo, de destinar os cartos

das cerimoniais fúnebres á construción da súa nova casa. E el, que percorrera o porto agardando que un milagre abriera o corazón da fermosa estranxeira, reclamou as probas, analizou o caso e condenouno a devolver cada moeda que tomara do tesouro do templo. O escriba que dirixía a embaixada foi ascendido a escriba real, e redactou o decreto que transformou os cartos para os mortos en casas para os vivos. A fermosa ría oíndo aquelas palabras, e o noso señor considerou que se abrían as portas do ceo.

A voda foi plagada de presaxios funestos en todos os templos de Osiris. Pero desde a fiestra das aparicións, o noso señor viu a alegría do pobo e sorrindo, sentiuse renacer. Farto de escoitar aos sacerdotes de Osiris, celebrou o sed, procurou un novo comezo, e dixo que ningún deus quere ser honrado con sangue, morte e sacrificios. Díxonos que nos fixeramos iguais, antes que a morte nos igualara.

Soñar... Prohibiunos axoenlarnos e humillarnos diante súa. Aboliu as cerimoniais e desfiles. E cos cartos que aforrou mandou facer casas para os fellahs. Repartiulle terras aos probes e aos colonos, e obrigou aos ricos a pagar impostos. Prohibiu a mendicidade e a bruxería. Mandou arredar aos animais da xente nas casas, e construír retretes, e levar auga corrente a todas as casas. Fundou novas cidades. E dixo que todo era orde do único deus que existía, o único creador que non tiña forma, Atón, e que el era o seu representante.

Pero Atón daba ordes estranas. Non quería incienso, e arruinou o comercio con Oriente. Non quería que os homes tiveran máis dunha muller, nin que as mulleres tiveran máis de dous fillos. E negou o culto aos deuses da morte e da outra vida, porque a vida que temos os homes é esta.

É estraño como os deuses da morte prevalecen sobre os da vida. Licenciou ao exercito, e non escoitou as peticións de Mitanni. Perdeu as provincias do Norte. Os maridos enfurecéronse. Os comerciantes do incienso pagaron aos sacerdotes. O medo entrou na xente. Saíron ás rúas, degolaron as estatuas, prenderon aos escribas do rei, non escoitaron ao deus da vida: querían unha pasaxe certificada para outra. O rei poeta anoxouse: non comprendía. A fermosa sacou as gadoupas para encoraxalo, pero o tempo labra distancias, e ela non lle dera un herdeiro. Tomou por esposa unha das súas fillas, e só conseguiu poñer máis lume nas predicacións dos sacerdotes, máis xenreira nas revoltas. Deille a copa co veneno unha tarde triste., porque como el dixo, o reino do eterno non é deste mundo, porque el nunca foi deste mundo. ■